

BORRADOR DO CONVENIO CANALIZADOR DA SUBVENCIÓN DIRECTA NOMINATIVA OUTORGADA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO Á FUNDACIÓN DE FERIAS Y EXPOSICIONES DE LUGO, CO OBXECTO DE COLABORAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN “XUENLUGO ANUALIDADE 2021” NA ANUALIDADE 2021, (APROBADO POR RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA DE DATA [REDACTED])

INTERVEÑEN

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF P2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; e no seu nome, dona Mónica Freire Rancaño, deputada delegada da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, en virtude de Resolución da Presidencia do 15 de outubro de 2019.

E doutra parte, don Rubén López Fernández, con DNI 33334341G, na súa condición de representante legal, actúa en nome e representación da entidade Fundación de Ferias y Exposiciones de Lugo, en adiante beneficiario, con NIF G27161496, e con sede social na Avda. dos Deportes, s/n, de Lugo, con acreditación suficiente para a celebración deste acto, segundo consta no expediente tramitado a tal efecto.

Actúa dona María Esther Álvarez Martínez, secretaria xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas partes:

MANIFESTAN

Primeiro: Que no Orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2021 e no vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022 (concretamente no Anexo I -correspondente á anualidade do 2021-, dentro da Liña 13.2.a), da Área funcional de Medio Rural e do Mar e Mocidade), aprobado por resolución de Presidencia de data 2 de abril de 2020, recóllese unha subvención directa nominativa a favor do beneficiario, Fundación de Ferias y Exposiciones de Lugo, por importe de 10.000 €, para colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Xuenlugo anualidade 2021”.

Segundo: Que por resolución presidencial de data [REDACTED] de [REDACTED] de 2021, aprobouse o convenio que canaliza a subvención directa nominativa outorgada, por importe de 10.000 €, a favor do beneficiario, Fundación de Ferias y Exposiciones de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Xuenlugo anualidade 2021”, na anualidade do 2021.

Terceiro: Que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 3342.48903, por importe de 10.000 €, para facer fronte ao financiamento dos gastos derivados da formalización do presente convenio.

Cuarto: O beneficiario achegou a documentación que acredita que cumpre cos requisitos establecidos no artigo 9 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, para obter a condición de beneficiario.

Quinto: A Deputación Provincial, con independencia do título competencial sectorial específico, realiza esta actividade de fomento ao abeiro do artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local;

	IV7EHXYPLQZLL2O7AVHEGRQRAA	Fecha y Hora	26/08/2021 13:16:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	ANDRÉS GARCÍA REY (TÉCNICO/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EHXYPLQZLL2O7AVHEGRQRAA	Página	1/10



do artigo 109 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; do artigo 3.3. da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, e restantes disposicións de xeral e concordante aplicación.

Por todo o manifestado, ambas partes recoñécense capacidade e representación suficiente para formalizar, en nome das entidades que neste acto se representan, este convenio con arranxo ás seguintes:

CLÁUSULAS:

Primeira.- Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se canalizará a subvención directa nominativa outorgada pola Deputación Provincial á entidade Fundación de Ferias y Exposiciones de Lugo, para financiar os gastos derivados da execución da actuación “Xuvenilidade 2021”, na anualidade 2021. Esta actuación consiste na organización temporal dun espazo de ocio, diversión e educación para a mocidade, integrado por distintas áreas, como: espazo infantil (ludoteca), zona de xogos recreativos, circuíto interior de minigolf, pista de slot, inchables de gran formato, atraccións, pista de fútbol *indoor* 3X3 e touro mecánico.

Segunda.- Orzamento de execución da actuación subvencionada

O orzamento inicialmente previsto de execución da actuación subvencionada ascende, segundo os datos facilitados polo beneficiario da subvención, á cantidade total de 30.205 €.

A contratación de persoal para o desenvolvemento da actuación subvencionable non implica relación laboral algunha entre dito persoal contratado e a Deputación Provincial, polo que non se poderá esixir a este organismo responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, por feitos acontecidos durante o desenvolvemento do obxecto do presente convenio.

Terceira.- Achegas e compromisos das partes

Para a consecución dos obxectivos do presente convenio, as partes subscribintes conveñen o seguinte réxime de achegas, dereitos e obrigas.

Da Deputación:

- Deberá subvencionar a actuación cunha cantidade de 10.000 €, cantidade que fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada, xa que, a lo menos, o 5 % da actuación subvencionada deberá ser financiada pola propia entidade beneficiaria.
- O importe da subvención concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, doutras Administracións Públicas ou entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade subvencionada.
- En caso de incumprimento do previsto nos parágrafos anteriores, debe proceder á redución da parte proporcional da achega económica da Deputación provincial.
- A ser convidada a intervir en cantos actos públicos se celebren en relación coa actividade subvencionada.

	IV7EHXYPLQZLL2O7AVHEGRQRAA	Fecha y Hora	26/08/2021 13:16:07	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	ANDRÉS GARCÍA REY (TÉCNICO/A)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EHXYPLQZLL2O7AVHEGRQRAA	Página	2/10	

Do Beneficiario:

- Deberá realizar a actuación obxecto da subvención e pagar cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións e indemnizacións aos que dera lugar a súa realización. Así mesmo, deberá obter todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución.
- Deberá incorporar nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital), que aludan ou informen da actuación subvencionada, os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que deberá solicitálos ao Gabinete de Comunicación do Ente Provincial.
- Deberá comparecer, por medio dos seus representantes legais ou persoa na que deleguen, á presentación institucional que se organice pola Deputación Provincial.
- Autorizar á Deputación Provincial de Lugo a comunicar e difundir, polos medios ou canles que considere axeitado, a actuación subvencionada, e a súa condición de beneficiario.
- Deberá achegar a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada, segundo ao establecido na cláusula sétima do convenio.
- Percibirá o importe da subvención, unha vez presentada e aprobada a conta xustificativa achegada.
- Poderá subcontratar con terceiros ata o 100 % do importe da actuación subvencionada, nos termos establecidos na cláusula cuarta do convenio.
- Achegar a información requirida nas actuacións de comprobación e control financeiro.

Cuarta.- Subcontratación

A realización da actividade subvencionada será obriga persoal do beneficiario, sen outras excepcións que as establecidas no presente convenio e dentro dos límites do artigo 30 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo.

O beneficiario poderá subcontratar, total ou parcialmente, con terceiros a execución da actuación subvencionada ata o 100 % do importe subvencionado.

En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custe da actividade subvencionada, non aporten valor engadido ao contido da mesma.

No caso de que a actividade concertada con terceiros exceda do 20 % do importe da subvención, e dito importe sexa superior a 60.000 €, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 29.3 da LXS:

- Que o contrato se celebre por escrito.
- Que a celebración do mesmo sexa autorizado previamente pola Deputación de Lugo.

Non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a contía do mesmo e eludir o cumprimento dos requisitos esixidos no apartado anterior.

Os contratistas quedarán obrigados soamente ante o beneficiario, que asumirá a total responsabilidade da execución da actuación subvencionada fronte á Administración.

O beneficiario será responsable de que, na execución da actuación subvencionada concertada con terceiros, se respecte a natureza e contía dos gastos subvencionables, e os contratistas estarán suxeitos ao deber de colaboración para a verificación do cumprimento de ditos límites.

O beneficiario da subvención non poderá concertar, en ningún caso, a subcontratación da actividade subvencionada con persoas ou entidades nas que concorran algunha das seguintes circunstancias:

	IV7EHXYPLQZLL2O7AVHEGRQRAA	Fecha y Hora	26/08/2021 13:16:07	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	ANDRÉS GARCÍA REY (TÉCNICO/A)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EHXYPLQZLL2O7AVHEGRQRAA	Página	3/10	

1. Que estean incursas nalgunha das prohibicións establecidas na Lei Xeral de Subvencións.
2. Que teñan percibido outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
3. Que sexan intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe do custe total da operación, a menos que dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou aos servizos prestados.
4. Que estean vinculadas co beneficiario.
5. Que sexan solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa, e que non obtiveran subvención por non reunir os requisitos ou non alcanzar a valoración suficiente.

No caso de que a entidade subcontratada estea vinculada co beneficiario deberá cumprirse o seguinte:

- a. Que se obteña a previa autorización expresa da Deputación de Lugo.
- b. Que o importe subvencionable non exceda do custe incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custe realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario.

De conformidade co establecido no artigo 14 da LXS, apartado 1.a), o beneficiario será responsable de cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión desta subvención.

Quinta.- Control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada

O control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada será realizado de acordo co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento, na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo e nas Bases de execución do Orzamento Xeral vixentes.

Sexta.- Publicidade da actuación subvencionada por parte do beneficiario

O beneficiario deberá facer constar expresamente que a actuación realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, en todas aquelas actuacións e en calquera tipo de soporte, que se deriven da execución do presente convenio, de acordo co establecido no artigo 18.3 e 4 da LXS e no artigo 31 do RLXS.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega na Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o beneficiario desta subvención deberá cumprir o requisito de facer en galego, en calquera soporte, as campañas publicitarias e de promoción de actividades (cursos, xornadas, conferencias, festas, espectáculos, actividades deportivas, festivais, campionatos, etc.) incluídas nesta subvención.

Sétima.- Xustificación e aboamento da subvención

Obriga establecida no artigo 31 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo e na Base 24ª das de execución do Orzamento Xeral vixente.

O beneficiario deberá achegar, como máximo, o día 31 de marzo de 2022, a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada.

De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese a obriga de que o beneficiario se relacione coa Deputación a través de medios electrónicos -telematicamente-.

	IV7EHXYPLQZLL2O7AVHEGRQRAA	Fecha y Hora	26/08/2021 13:16:07	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	ANDRÉS GARCÍA REY (TÉCNICO/A)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EHXYPLQZLL2O7AVHEGRQRAA	Página	4/10	

Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen achegarse a mesma, requirirase ao beneficiario para que, no prazo improrrogable de quince días, sexa presentada. A falta de presentación da xustificación nesta prazo adicional dará lugar a que o beneficiario sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de perda do dereito ao cobro da subvención ou o procedemento de reintegro, no caso de ter percibido algún anticipo ou pago a conta, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.

Gastos subvencionables

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de maneira indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do ano 2021.

Considéranse gastos subvencionables os aboados dentro da anualidade correspondente, e ata a finalización do período de xustificación previsto no convenio, ou nas súas addendas, no seu caso.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos, son subvencionables, se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Documentación xustificativa da execución da actuación subvencionable -conta xustificativa simplificada-

A xustificación da subvención realizarase mediante a achega, por parte do beneficiario, da seguinte documentación :

- ANEXO I. Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio canalizador da subvención, con indicación das actividades realizadas, o custo total e os resultados obtidos, debidamente asinada pola persoa responsable.
- ANEXO II. Relación clasificada de gastos polo custo total da actividade subvencionada, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data de pago, así como a contía dos gastos que se afecten á subvención. Debe constar o nome da actuación subvencionable e a anualidade.

No caso de relacionarse nóminas, deben vir desagregados: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador e o IRPF.

Soamente será necesario indicar as datas de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

- ANEXO III. Declaración conxunta:

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade, actuación ou comportamento obxecto da subvención foi realizada, na súa totalidade, co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos no presente convenio.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, e que este extremo se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.

	IV7EHXYPLQZLL2O7AVHEGRQRAA	Fecha y Hora	26/08/2021 13:16:07	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	ANDRÉS GARCÍA REY (TÉCNICO/A)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EHXYPLQZLL2O7AVHEGRQRAA	Página	5/10	

- Xustificantes de gasto (facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación clasificada de gastos) afectados á Deputación:
 - Comprobaranse todos os xustificantes que superen individualmente o 25% do importe da subvención concedida.
 - Do resto de xustificantes, comprobarase unha mostra que polo menos supoña a seguinte porcentaxe, en función do número de xustificantes:
 - Menor ou igual a 10, 10%.
 - Entre 10 e 30, o 5%.
 - Superior a 30, o 2%.
 - Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: O pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación da presente subvención, tendo en conta que:
 - Segundo o establecido no artigo 7 da Lei 7/2012, do 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 2.500,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira (para xustificar o pago de facturas aboadas ata o 10 de xullo de 2021, inclusive).
 - Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 11/2021, do 9 de xullo, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000,00 euros ou a seu contravalor en moeda estranxeira (para xustificar o pago de facturas a partires do 11 de xullo de 2021, inclusive).
- A efectos do cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.2 da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concibidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.
- Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se aboe en efectivo, deberá constar na mesma a expresión “*Recibín en efectivo na data _____*”, asinado polo receptor, con identificación do mesmo (DNI, nome e apelidos).
- Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.
- Respecto ao contido das facturas: Estas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. (Aplicarase a normativa vixente en cada momento).
- Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste a conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

O centro xestor deberá achegar, á documentación xustificativa remitida pola entidade beneficiaria, copia do ANEXO 1 da solicitude da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

	IV7EHXYPLQZLL2O7AVHEGRQRAA	Fecha y Hora	26/08/2021 13:16:07	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	ANDRÉS GARCÍA REY (TÉCNICO/A)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EHXYPLQZLL2O7AVHEGRQRAA	Página	6/10	

O aboamento da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa da mesma, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

O incumprimento destas condicións será causa de perda da subvención concedida por incumprimento das obrigas do beneficiario, de conformidade co sinalado no artigo 37 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo.

Oitava.- Perda do dereito ao cobro da subvención ou reintegro

Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención ou o reintegro das cantidades percibidas, máis os correspondentes xuros de mora devindicados, dende a data do aboamento da subvención -anticipo- ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro ou a data na que o beneficiario ingrese o reintegro -anticipo-, de producirse con anterioridade ao citado acordo (artigos 37 e 38 da LXS e artigo 89 do RLXS) nos seguintes supostos:

- Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para a súa obtención ou ocultando aquelas que o impedisén.
- Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.
- Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da LXS e, no seu caso, nas normas reguladoras da subvención.
- Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión establecidas no presente convenio.
- Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LXS, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos, cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- Incumprimento das obrigas impostas pola Administración aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se deben conseguir os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- Incumprimento das obrigas impostas pola Administración aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal se derive unha necesidade de reintegro.
- Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

Cando o cumprimento polo beneficiario se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por este unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a contía a reintegrar virá determinada pola aplicación dos criterios enunciados no parágrafo n) do apartado 3 do artigo 17 da LXS ou, no seu caso, as establecidas na normativa autonómica reguladora da subvención.

	IV7EHXYPLQZLL2O7AVHEGRQRAA	Fecha y Hora	26/08/2021 13:16:07	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	ANDRÉS GARCÍA REY (TÉCNICO/A)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EHXYPLQZLL2O7AVHEGRQRAA	Página	7/10	

Igualmente, no suposto contemplado no apartado 3 do artigo 19 da LXS, procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a esixencia do xuro de mora correspondente.

O procedemento para o reintegro rexerase polo disposto nos artigos 41 a 43 da LXS, e o Capítulo II do Título III do RLXS.

As resolucións declarativas de incumprimento e de procedencia do reintegro porán fin á vía administrativa, podendo interpoñerse contra as mesmas recurso potestativo de reposición ante o órgano concedente no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución, ou ben ser impugnadas directamente ante a Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa, na forma e prazo previstos pola Lei reguladora de dita Xurisdición.

Novena.- Respecto aos dereitos e liberdades fundamentais

Calquera actuación consecuencia da actividade subvencionada que supoña discriminación por razóns de xénero, raza, relixión, nacemento, opinión ou outras circunstancias persoais ou sociais, protexidas pola nosa Constitución, poderá levar consigo a suspensión da subvención concedida e a súa revogación e reintegro, no seu caso.

Décima.- Publicidade das subvencións outorgadas

Segundo a normativa vixente, a concesión desta subvención terá que ser publicada, incluíndo nome ou razón social do beneficiario, número de identificación fiscal, e finalidade ou finalidades da subvención, con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e a cantidade concedida.

De acordo co establecido no artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o beneficiario poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorran algunha das causas previstas na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da devandita lei.

Así mesmo, infórmase ao beneficiario desta subvención da existencia do Rexistro Público de Subvencións, que pode ser consultado na seguinte dirección: <http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>; así como dos dereitos sobre a protección de datos persoais previstos no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais, e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Esta subvención reflíctese no Rexistro Público de Subvencións coa seguinte descrición:

EPÍGRAFE	CÓDIGO	DESCRICIÓN
SECTOR ECONÓMICO	93.2	Actividades recreativas e de entretemento
FINALIDADE	18	Outras actuacións de carácter económico
IMPACTO DE XÉNERO	2	Nulo. Cando, non existindo desigualdades de partida en relación á igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes, non se prevea modificación algunha desta situación
INSTRUMENTO DE AXUDA	SUBV	Subvención e entrega de diñeiro sen contra-prestación

Pódese consultar a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na *web* desta entidade local, en concreto na seguinte dirección: <http://www.deputacionlugo.gal/subvencions>

Décimo primeira.- Compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos

A presente subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que, no seu caso, o beneficiario poida percibir para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou

	IV7EHXYPLQZLL2O7AVHEGRQRAA	Fecha y Hora	26/08/2021 13:16:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	ANDRÉS GARCÍA REY (TÉCNICO/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EHXYPLQZLL2O7AVHEGRQRAA	Página	8/10



privado de España, doutros Estados, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais, nos termos establecidos no artigo 12.3 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo.

Décimo segunda.- Causas de resolución e extinción do convenio

O Convenio extingúese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto, ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución do Convenio:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
- b) O acordo unánime dos asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no Convenio ou noutras leis.

Cando concorra causa de resolución do convenio e existan actuacións en curso, as partes asinantes poderán acordar a continuación e finalización das citadas actuacións, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, dun máximo dun ano, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

Décimo terceira.- Réxime de protección de datos persoais

Estarase ao disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo cuarta.- Vixencia do Convenio e modificación

A vixencia do convenio comezará no momento da súa formalización, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2021, e manterá a súa vixencia ata a aprobación da conta xustificativa e o seu aboamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro de 2023, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2022, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

En calquera momento e antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar, de mutuo acordo, a súa prórroga, por razóns excepcionais e xustificadas, dentro dos límites legais, ou a súa extinción.

O anterior é sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera dar lugar, e das obrigas que incumban ao beneficiario, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Calquera modificación e/ou ampliación do presente convenio efectuarase por acordo entre as partes, mediante a subscripción da addenda de modificación respectiva.

Décimo quinta.- Carácter do convenio

O presente convenio ten carácter administrativo e rexerase, ademais de polo disposto no mesmo, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, na Normativa Europea, na Ordenanza Xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo, no Regulamento Orgánico da Deputación e nas Bases de Execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial, no vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022 da Deputación Provincial de Lugo e nas normas de Dereito Administrativo que directamente ou por analogía puidesen resultar de aplicación.

	IV7EHXYPLQZLL2O7AVHEGRQRAA	Fecha y Hora	26/08/2021 13:16:07	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	ANDRÉS GARCÍA REY (TÉCNICO/A)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EHXYPLOZLL2O7AVHEGRQRAA	Página	9/10	

Décimo sexta.- Plan de auditoría

A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial, levarase a cabo un Plan de Auditoría anual que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra e forma de selección, como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:

1. Comprobar a execución polos beneficiarios das actividades ou investimentos subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.
2. Verificar a existencia e custodia polo beneficiario das facturas, certificacións ou documentos xustificativos da subvención.
3. Verificar a data de pago dos devanditos documentos.

Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, solicitar a colaboración de empresas privadas de auditoría.

Décimo sétima.- Cuestións litixiosas

As cuestións litixiosas que se deriven do presente convenio, dada a súa natureza xurídica administrativa, serán sometidas á Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 10 páxinas numeradas, do que como secretaria dou fe.

“O PRESIDENTE,
P.D. Decreto do 15/10/2019
A deputada delegada da Área de
Medio Rural e do Mar, e Mocidade

O representante da Fundación de
Ferias y Exposiciones de Lugo

Rubén López Fernández

Mónica Freire Rancaño”

A SECRETARIA XERAL

María Esther Álvarez Martínez

**Borrador asinado polo técnico de xestión da
Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade**

Andrés García Rey

	IV7EHXYPLQZLL2O7AVHEGRQRAA	Fecha y Hora	26/08/2021 13:16:07	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	ANDRÉS GARCÍA REY (TÉCNICO/A)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EHXYPLQZLL2O7AVHEGRQRAA	Página	10/10	